



FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

GUÍA DOCENTE

TRABALLO FIN DE GRAO

Grao en Mestre/a de Educación Infantil

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil

| | | | | | |
|----------------------|----------|-------------------------|---|---------------|------------------|
| CÓDIGO | G3131424 | NOME | Traballo fin de grao | | |
| CURSO | 4º | SEMESTRE | 1º e 2º | IDIOMA | Castelán, galego |
| CRÉDITOS ECTS | 9 | HORAS DE TRABAJO | 225: 8 presenciais e 217 de traballo autónomo | | |

A presente guía concreta os apartados incluídos no “Regulamento do TFG do Grao en Mestre/a de Educación Infantil” (aprobado polo Consello de Goberno da USC do día 31 de xaneiro de 2017).

2. NATUREZA E OBXECTIVO

O TFG ten como obxectivo a elaboración por parte do/a estudante dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados na titulación. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración da información, elaboración de resultados relevantes, redacción, e presentación e defensa do traballo.

3. COMPETENCIAS

- Que os/as estudantes amosen o dominio dos coñecementos adquiridos no desenvolvemento do grao
- Que os/as estudantes sexan quen de aplicar os coñecementos á práctica docente
- Que os/as estudantes demostren capacidade para deseñar e desenvolver propostas didácticas en contextos educativos
- Que os/as estudantes saiban transmitir e defender informacións, ideas, problemas e solucións a públicos tanto especializados como non especializados
Que os/as estudantes desenvolvan capacidade crítica referida tanto aos procesos educativos como ao conxunto dos contextos sociais

4. CONTIDOS

Os contidos do TFG serán os mesmos do Grao, resumidos en:

1. Sociedade e educación
2. O mestre ou a mestra de educación infantil
3. O suxeito da educación
4. A escola de educación infantil: organización e modelos curriculares
5. A construción das aprendizaxes nas diferentes áreas

5. BIBLIOGRAFÍA

- Amor, M. I. e Serrano, R. (coords.) (2017). *Guía práctica para el trabajo de fin de grado en Educación*. Barcelona: Graó
- Campos, A. (2009). *Métodos mixtos de investigación: integración de la investigación cuantitativa y la investigación cualitativa*. Bogotá: Cooperativa Editorial Magisterio
- Cardona, M. C. (2002). *Introducción a los métodos de investigación en educación*. Madrid: EOS.
- Caro, M. T., Valverde, M. T. e González, M. (2015). *Guía de trabajo fin de grado en educación*. Madrid: Pirámide.
- Clanchy, J. (2000). *Cómo se hace un trabajo académico. Guía práctica para estudiantes universitarios*. Zaragoza: PUZ.
- Festinger, L. e Katz, D. (comps.) (2004). *Los métodos de investigación en las ciencias sociales*. Barcelona: Paidós.
- García, M. P. (2012). *Guía práctica para la realización de trabajos fin de grado y trabajos fin de máster*. Murcia: Editum.
- González, J.M. (2014). *Cómo escribir un trabajo de fin de grado*. Madrid: Síntesis.
- Marin, M. (2015). *Escribir textos científicos y académicos*. México: FCE.
- Novelle, L. (2018). *Sobrevivir al Trabajo Fin de Grado en Humanidades y Ciencias Sociales. Todo lo que necesitas saber*. Autoedición.

6. ASIGNACIÓN DE TITORES

O alumnado será convocado a unha reunión para a escolla dun/dunha titor/a de entre a oferta para o curso académico. Esta reunión celebrárase en canto a Coordinación de TFG dispoña dos datos definitivos, tanto de oferta de titores como de matrícula.

Antes da celebración da reunión, a Coordinación de TFG publicará no apartado de TFG da páxina web da Facultade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-formacion-profesorado/tfg>) ena aula virtual da materia o listado de titores/as que compoñen a oferta, xunto coa cifra de alumnado que asumirá cada un/unha deles e as respectivas liñas de traballo.

O alumnado realizará a escolla de titor/a seguindo a orde establecida pola nota media do expediente académico. No caso de TFG grupais (ver Apartado 7 desta guía docente), o alumnado implicado debe comunicar á Coordinación de TFG a composición do grupo con antelación á reunión de asignación e a orde de elección de titor/a será a que corresponda despois de calcular a nota media conxunta dos expedientes dos integrantes do grupo. A orde de prelación do alumnado tamén será publicada no apartado de TFG da páxina web da Facultade.

A asistencia a esta sesión é obrigatoria para todo o alumnado matriculado na materia (incluído o alumnado con dispensa de asistencia a clases). No caso de non poder asistir, poderá delegar nun compañeiro ou unha compañeira mediante un documento asinado no que solicite a súa delegación. Este documento terá que ser entregado nesta sesión pola persoa na que delegue.

De non asistir á sesión nin delegar a escolla, a coordinación de TFG asignará de oficio un titor ou unha titora.

O alumnado de 5º curso de dobre Grao figurará nas listaxes do grao de Educación Infantil e Educación Primaria e deberá seguir as mesmas indicacións que o alumnado que só curse un Grao.

7. MODALIDADES E APARTADOS

O TFG pode responder a diferentes modalidades: a) actualización, crítica e reflexión bibliográfica sobre un tema concreto; b) proxecto de investigación; c) proxecto de innovación educativa; d) proxecto de intervención educativa; e) investigación de base, etc. É tamén posible combinar varias destas modalidades.

No caso de TFG nos que se vaia a facer intervención con seres humanos, e en base á Resolución Reitoral sobre procedemento de avaliación previa de traballos

de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais, será necesario queo titor/a e o alumno/a soliciten o permiso pertinente ao Comité de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela.

O TFG poderá ser elaborado de forma individual ou en grupo. Neste último caso o traballo deberá contemplar unha clara delimitación de tarefas entre os membros do grupo, de xeito que sexa perfectamente avaliábel a participación de cada estudante no resultado global. O título do traballo será único e a cualificación será individual para cada membro do grupo.

O alumnado de 5º curso do dobre Grao, poderá facer un traballo único do grao de Infantil e Primaria tendo en conta que se debe garantir a unidade temática para ambas etapas e que no informe individualizado elaborado polo/a titor/a do traballo para a avaliación do proceso debe quedar establecido que parte do traballo corresponde con cada unha delas (Infantil e Primaria) .

De maneira xeral, e agás para os casos contemplados no seguinte parágrafo, o TFG debería conter os seguintes apartados: Portada (de acordo co modelo dispoñible na páxina web da Facultade), Resumo (máximo de 250 palabras) e 5 palabras clave (tanto o resumo como as palabras clave deben redactarse en galego, castelán e inglés), Índice paxinado, Introducción (poderá incluír unha xustificación do tema elixido, problema/s ao que se busca dar resposta, hipóteses iniciais de traballo, avance da estrutura do traballo, etc.), Estado da cuestión (situar o traballo dentro do seu contexto de estudo por medio da consulta bibliográfica que sexa pertinente; este apartado non hai que incluílo nos TFG da modalidade “a) actualización, crítica e reflexión bibliográfica sobre un tema concreto”), Obxectivos, Metodoloxía, Resultados, Conclusións, Referencias, Anexos (de haberlos).

De xeito excepcional, no caso de propostas especialmente creativas (expresión plástica, expresión musical, literatura infantil, etc.), o TFG poderá adoptar un formato que non se axuste exactamente ao indicado no parágrafo anterior, sempre que permita mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título.

8. PRESENTACIÓN FORMAL

Todo TFG debe seguir as seguintes pautas. Máximo de 50 páxinas de corpo do traballo e mínimo de 30 (excluídas as dedicadas a portada, resumo e índice), e de 25 páxinas de anexos. Por razóns xustificadas diante da Comisión do Prácticum e TFG, o número máximo de páxinas de anexos pode aumentarse. No caso de TFG colectivo, o número de páxinas de corpo do traballo e de anexos poderá axustarse en proporción ao número de autores. Para o alumnado do 5º

curso de dobre Grao, se opta por facer un traballo único para os dous TFG (Infantil e Primaria), deberá axustar o número de páxinas, o corpo do traballo e anexos como se fosen dous autores. No caso que o alumnado de dobre Grao opte por un traballo grupal, deberá seguir as pautas coma se se tratase dun traballo colectivo (grupal).

O documento do TFG deberá anexarse en formato PDF á solicitude de defensa a través da Secretaría Virtual do/a Estudante. No caso de que un/ha alumno/a de 5º curso do dobre Grao opte por un TFG único, deberá anexar o mesmo traballo na súa secretaria virtual tanto para Educación Infantil como para Educación Primaria.

A portada debe seguir o modelo oficial (dispoñible na páxina web da Facultade: [apartado TFG](#), “Documentación e materiais de apoio”) e na aula virtual da materia. Incluirá a seguinte información: titulación, oportunidade (febreiro, xullo ou setembro), ano, título en galego, castelán e inglés e nome(s) do/a(s) alumno/a(s) e nome do/a titor/a. O TFG realizarase en letra tipo “Arial” de 12 puntos cun interliñado de 1.5. Folios formato DIN A4. Marxes xustificadas: 2.5 cm. nas marxes superior e inferior, e 3 cm. nas marxes dereita e esquerda. Tanto as citas como as referencias deben seguir as normas APA na súa edición máis recente (7ª edición).

9. ORIGINALIDADE DOS TRABALLOS

Conforme se recolle no Artigo 12.1 do Regulamento de Matrícula, Elaboración e Defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela, os TFG e TFM deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización.

Calquera intento de plaxio ou fraude na autoría deberá ser notificado polo/a titor/a ou tribunal que o detecte remitindo por escrito á Coordinación de TFG as circunstancias específicas e antecedentes do acto de avaliación no que se aprecia a incidencia. A estes efectos enténdese por acto de avaliación calquera actividade conducida tanto á avaliación do proceso (por exemplo, sometemento a corrección dun borrador ou versión previa do TFG) coma do produto (avaliación de versión final do mesmo). Unha vez recibido o escrito, a Coordinación de TFG solicitará unha reunión da Comisión de Practicum e TFG para o estudo do caso.

De confirmarse o intento de plaxio ou fraude na autoría aplicarase o Artigo 16 da Normativa de Avaliación do Rendemento Académico dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións da Universidade de Santiago de Compostela que establece que a realización fraudulenta dalgún exercicio ou proba exixida na avaliación dunha materia implicará a cualificación de suspenso na convocatoria

correspondente, con independencia do proceso disciplinario que se poida seguir contra o/a alumno/a infractor. Ao respecto deste proceso disciplinario, o incumprimento será posto en coñecemento da Reitoría.

10. DEFENSA E AVALIACIÓN

Os prazos para as solicitudes de defensa e entrega do TFG, así coma as datas para as defensas publicaranse no apartado de TFG da páxina web da Facultade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-formacion-profesorado/tfg>).

Tanto a solicitude de defensa coma a entrega do documento co TFG realizarasea través da Secretaría Virtual do/a Estudante. O alumnado de dobre Grao deberá facer unha solicitude por cada TFG que presente incluso se se opta por un traballo único.

Unha vez completado sen incidencias o proceso de elaboración do TFG, a avaliación final do traballo realizarase a través da súa exposición e defensa pública diante dun tribunal ou diante do/a titor/a. Os/as estudantes, no momento de facer a súa solicitude de defensa, optarán entre ser avaliados/as por un tribunal ou polo/a titor/a do seu traballo, marcando a opción correspondente.

O alumnado que, unha vez entregado o traballo e verificadas as condicións para a súa defensa, non se presente ao acto público de defensa do TFG na data sinalada, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade.

Para a defensa do TFG ante o tribunal ou titor/a, o alumnado disporá dun máximo de quince minutos e poderá empregar os medios técnicos que considere oportunos, ou outros formatos de defensa pública sempre que previamente o alumno/a interesado/a llo tivera solicitado por escrito e coa debida antelación á Comisión de Prácticum e TFG. Logo, os membros do tribunal, contarán tamén cun máximo de quince minutos para efectuar as preguntas que entendan precisas, e o alumnado disporá así mesmo de quince minutos para contestalas. No caso de TFG realizado en grupo, o tempo de exposición e defensa poderá aumentarse proporcionalmente en función do número de membros do grupo. No caso de alumnado de dobre Grao que optase por un traballo único disporá dun tempo de exposición proporcional como si se tratase dun traballo grupal de dous membros.

Para a defensa do TFG diante do/a titor/a, o alumnado contará cun máximo de quince minutos e poderá empregar os medios técnicos que considere oportunos. Logo, o/a titor/a ou titora disporá duns cinco minutos para efectuar as preguntas que entenda precisas, e o alumnado de polo menos un tempo equivalente para contestalas. No caso dos TFG realizados en grupo, o tempo de exposición e defensa poderá aumentarse proporcionalmente en función do número de membros do grupo. No caso de alumnado de do dobre Grao que optase por un

traballo único disporá dun tempo de exposición proporcional coma se se tratase dun traballo grupal de dous membros.

A avaliación dos traballos realizarase combinando:

1) *Avaliación continua:* terá un peso do 30% sobre a nota total da materia e, para levala a cabo, cada titor/a emitirá un informe para cada un dos TFG titorizados. Este informe de seguimento pode ser tan detallado como o titor/a considere oportuno e debe incluír, como mínimo, información sobre: asistencia regular ás sesións programadas, interese e participación e grao de cumprimento dos obxectivos programados. No caso de TFG realizado en grupo, o/a titor/a debe sinalar, para cada alumno/a implicado/a, máis que a información xa indicada, outros que aborden o seu grao de compromiso co traballo en grupo e a súa capacidade para facer contribucións ao correcto desenvolvemento do TFG. Será fundamental obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 nesta parte para superar a materia.

2) *Avaliación final:* terá un peso do 70% sobre a nota total da materia e realizarase a través da presentación e defensa pública ante un tribunal ou ante o/a titor/a do traballo. Os estudantes solicitarán expresamente ser avaliados por un tribunal ou polo/a titor/a do seu traballo.

A defensa do traballo ante o tribunal requirirá o informe previo e preceptivo do/a titor/a. O tribunal emitirá a súa avaliación final despois de coñecer este informe. A cualificación dos traballos realizarase segundo os criterios establecidos na guía docente da materia, que estará ligada á consecución das competencias da titulación e das competencias transversais. Neste senso, para avaliar a aprendizaxe do alumnado teranse en conta os seguintes aspectos: deseño, organización e presentación escrita do traballo, corrección lingüística e claridade da presentación, orixinalidade, cantidade e calidade da información e a bibliografía manexada, capacidade de análise da información, coherencia entre a información empregada e as conclusións, capacidade de resposta ás preguntas formuladas durante a presentación. Neste apartado da avaliación, o informe escrito terá un peso do 80% e a presentación e defensa o 20% restante. No caso do alumnado de dobre Grao, tanto o tribunal coma o titor/a deberá emitir unha nota independente por cada TFG defendido seguindo os criterios anteriores. No caso de TFG únicos tanto o/a titor/a coma o tribunal velarán e terán en conta que este TFG segue unha unidade temática.

Existe unha rúbrica recomendada para a avaliación do TFG que, de maneira opcional, pode ser empregada polos docentes e servir de referencia para o alumnado (dispoñible na páxina web da Facultade: [apartado TFG](#), "Documentación e materiais de apoio").

O alumnado que, unha vez entregado o traballo e comprobadas as condicións para a súa defensa, non compareza no acto público de defensa do TFG na data sinalada, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade. Cando a defensa

do TFG se realice ante tribunal, este encargarse de ponderar as cualificacións obtidas nos distintos apartados da avaliación (seguimento, informe escrito e presentación e defensa) e outorgará unha cualificación entre 0 e 10, coa expresión dun decimal, ao que se agregará a súa correspondente cualificación cualitativa.

No caso de defensa ante titor/a, este levará a cabo os cálculos análogos pero tendo en conta que a cualificación máxima que se pode obter é de 7,5 (Notable).

Respecto da cualificación e revisión

No caso de TFG presentado e defendido diante dun tribunal, as cualificacións situaranse entre 0 e 10 e outorgaranse de acordo coa seguinte escala numérica:

Non presentado

0-4.9 (Suspenso)

5.0-6.9 (Aprobado)

7.0-8.9 (Notable)

9.0-10 (Sobresaliente)

Se os membros do tribunal non chegan a un acordo sobre a cualificación, a nota final será o resultado da media aritmética das tres cualificacións outorgadas polos integrantes do tribunal.

No caso de TFG presentado e defendido diante do/a titor/a, as cualificacións situaranse entre 0 e 7.5, e outorgaranse de acordo coa seguinte escala numérica:

Non presentado

0-4.9 (Suspenso)

5.0-6.9 (Aprobado)

7.0-7.5 (Notable)

A revisión será persoal e presencial. No caso de avaliación a cargo do tribunal, a revisión poderá realizala un ou varios dos seus membros.

Concesión da mención de Matrícula de Honra (MH). Só poderán optar a esta mención os TFG que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9. No caso de defensa ante tribunal, o secretario deste órgano será o encargado de incorporar a cualificación na secretaría virtual e marcar a cela para propoñer a concesión da matrícula de honra, comunicándolle tamén a proposta mediante correo electrónico á Coordinación de TFG. No caso de defensa ante titor/a, será este quen realice a proposta e a comunicación da mesma. A mención de MH só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os TFG correspondentes ao curso académico, e a súa concesión correspóndelle á Comisión do Practicum e TFG que as outorgará en base ás seguintes

posibilidades:

- No caso de haber menos propostas de MH das que poidan outorgarse, concederanse todas as propostas debidamente comunicadas.
- No suposto de haber máis propostas de MH das que poidan outorgarse, a Comisión do Practicum e TFG outorgará a distinción aplicando, na orde en que se relacionan, os seguintes criterios:
 - I. Maior cualificación obtida no traballo.
 - II. Maior nota media de expediente académico do alumnado